



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Expte. FG nº 576

RESOLUCIÓN Nº 2127/11

Na Casa Consistorial de Oleiros, a vinte e catro de maio de dous mil once, o Sr. Alcalde-Presidente en funcións, **DON ANGEL GARCÍA SEOANE**, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

VISTO expediente para a tramitación do Proxecto de Reparcelación do POL-9, no Pto.Sta. Cruz-Lians.

RESULTANDO que se emitiu informe pola Coordinadora de Servizos Urbanísticos en data 24.05.11, do teor literal seguinte:

“Por Resolución nº 912/11 de data 3 de marzo de 2011, aprobouse inicialmente o Proxecto de Reparcelación do POL-9, no Porto de Santa Cruz, Lians (documento R.E nº 2415 de data 16.02.11) con condicións relativas á subsanación do documento.

Resultando que o expediente se someteu a exposición pública e audiencia dos interesados por prazo de 20 días anunciándose así no BOP de data 17 de marzo de 2011 nº 52 e notificouse aos interesados, presentando alegación Dª Beatriz Corredoira Candamio o día 28.03.2011 nº 4535.

A alegación expón que debe terse por interesado no expediente a Dª Beatriz Corredoira Candamio en lugar da súa falecida nai Dª Josefa Candamio Gayoso e que non se sigan tendo como interesados no mesmo a Dª Maria Isabel Ricoy Candamio, D Javier Ricoy González e Dª Maria del Carmen Blanch Anido.

Non cuestiona o contido do proxecto de reparcelación. O proxecto de reparcelación adxudica a parcela resultante da equidistribución ao titular rexistral, dado que non se aportou escritura de aceptación de herdanza e adxudicación de bens entre os herdeiros. O expediente tramitouse cos herdeiros e titulares da carga sobre a finca aportada, de conformidade á documentación presentada.

Se ben é certo que Dª Beatriz Corredoira Candamio presentou escrito nº 4535 de data 28.03.2011, non consta a aceptación de herdanza da causante Dª Josefa Candamio Gayoso, únicamente consta copia de testamento. É certo que consta no expediente escritura nº 3924 de cesión gratuita de dereitos herditarios outorgada por D. Javier Ricoy González, a favor de D. José Manuel Ricoy Candamio de data 27 de setembro de 2007 ante o Notario D. Rafael Benzo Sainz, non obstante optouse por inscribir a carga nos mesmos termos que figura na escritura nº 1.754 de data 21 de xuño de 2004 ante o Notario de Betanzos D. León Miguel López Rodríguez, pola que D. Antonio Candamio Cruz vendía a D. Angel Candamio Gayoso e outros, dereitos urbanísticos sobre a finca rexistral obxecto de reparcelación, dada a complexidade da documentación, o nº de herdeiros e interesados concorrentes sobre a citada parcela rexistral 14.122. Tampouco Dª Beatriz Corredoira Candamio acredita o poder de representación dos afectados para facer a solicitude que presenta, de aí que o alegado deberá facerse valer na formalización notarial e rexistral de actuacións necesarias para o reparto e inscrición rexistral



**CONCELLO DE
OLEIROS**

posterior da finca de resultado entre os actuais herdeiros e os titulares da carga que sobre a mesma se traslada, o cal é alleo a esta Administración.

O equipo redactor presenta o 11.05.2011 e nº rexistro 07463 documento para a aprobación definitiva.

O arquitecto municipal emitiu informe favorable á aprobación definitiva o día 16 de maio de 2011 confirmando que incorpora as condicións impostas no acordo de aprobación inicial de subsanación de descrición do linde norte da parcela E-3, as concrecións respecto ás actuacións relativas ao hórreo existentes que deberán especificarse no proxecto de urbanización en función do informe que emita a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e engadir como interesado na ficha da parcela "I" e parcela de resultado "P" como herdeiro a D. Ángel Candamio Gayoso.

O documento presentado tamén corrixe a segregación da parcela matriz en función da acta de pago a D. Antonio Candamio Cruz o 12 de maio de 1998 por xustiprezo e intereses no que consta que a superficie finalmente expropiada foron 1.536 m2 correxíndose así a dimensión da parcela E-1 excluída do POL-9."

Por todo o que, en uso das facultades atribuídas pola lei, **RESOLVO**:

Primeiro.- Desestimar o escrito presentado por D^a Beatriz Corredoira Candamio o día 28.03.2011 nº 4535, en base ao informado.

Segundo.- Aprobar definitivamente o documento denominado Proxecto de Reparcelación POL-9, no Porto de Santa Cruz-Lians (documento de 11.05.2011 e nº rexistro 07463), advertindo que este acordo fornece os efectos establecidos no art. 118 da Lei 9/2002, é dicir, transmisión ao municipio en pleno dominio e libre de cargas de todos os terreos de cesión obrigatoria para súa incorporación ao patrimonio do solo e súa afección aos usos previstos no planeamento.

Terceiro.- Incluir no Inventario de Bens como bens de dominio público:

Parcela	Zona	Ordenanza	Superficies			Uso aparcamento		Edificabilidades			Aproveit. (m2aprov)
			Parcela	Solo	Subsolo	Concesión	Público	Residencial	Comercial	Total	
V1-S		viario	646,41	646,41	0,00						
V1-Sb		viario	646,41	0,00	646,41	646,41					
V2-S		viario	305,59	305,59	246,38						
V2-Sb		viario	59,21	0,00	59,21		59,21				
EL-S		espazo libre	1.695,00	1.695,00	57,44						
EL-Sb		espazo libre	1.637,56	0,00	1.637,56		1.637,56				



**CONCELLO DE
OLEIROS**

Como ben patrimonial afecto ao Patrimonio Municipal do Solo: 10% en proindiviso libre de cargas de urbanización sobre a parcela "P" correspondente á materialización dos 378'18 m2 de aproveitamento.

Cuarto.- Dilixenciar documento presentado o día 11.05.2011 e nº rexistro 07463, e proceder a elevar a escritura pública e inscrición rexistral.

Quinto.- Notificar aos interesados e Secretaria Xeral do Concello.

Sexto.- Remitir un exemplar do documento ao Catastro Municipal a efectos de alta no Padrón de IBI.

Sétimo.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos arts. 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de **dous meses**, a contar do día seguinte ao que reciba a notificación do presente acordo. Previa e potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición, de conformidade co art. 116 da Lei 30/92, no prazo de **un mes**, a contar do día seguinte ao que reciba a devandita notificación.

Tamén poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión, cando concorra algunha das circunstancias previstas no art. 118 da Lei 30/92, do 26 de novembro, pola que se aproba o Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, nos prazos establecidos no apartado 2 do mesmo art. 118. Todo isto, sen prexuízo do dereito dos interesados a formular a solicitude e a instancia á que se refiren os arts. 102.1) e 105.2) da devandita lei.

Oitavo.- Procede o arquivo do documento 2415 de 16.02.2011, ao quedar substituído polo actual.

O Alcalde en funcións,



Dou fe,
A Secretaria en funcións,

Asdo.: Pilar Cela Alvarez.

